

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2023/4

DATA: xoves 30 de marzo de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:06 h

HORA DE REMATE: 22:40 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO ausentase da sesión no punto 13 e incorporase a sesión no punto 14  
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ  
TOBIAS BETANZOS REGO  
PSdeG-PSOE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIO ALCALDE HERMO  
JULIAN BUSTELO ABUÍN

### AUSENTES

BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
PSdeG-PSOE  
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ  
Ciudadanos  
SARA MARÍA RESÚA PATIÑO  
PP  
GERMAN ALLUT VIDAL  
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL  
ALICIA CAROU ROMERO

### ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 511.887 exp. 2023/G010/000004

## **PARTE RESOLUTIVA**

1. APROBACIÓN ACTAS
2. APROBACIÓN CONVENIO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO
3. APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO
4. APROBACIÓN REGULAMENTO DO TELETRABALLO NO CONCELLO DE RIANXO
5. APROBACIÓN REGULAMENTO SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO

## **ASUNTOS URXENTE SEN DITAMINAR**

6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 333/2022 APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 18.04.2022
7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 187/2023 APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DECEMBRO 2022 - REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES INCLUÍDO NO POS + 2019
8. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 223 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I: ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
9. MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: CONCENTRACIÓN PARCELARIA NA PARROQUIA DO ARAÑO
10. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: PLENO ORDINARIO 30 DE MARZO DE 2023
11. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS
12. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á LOGRAR UN CONCELLO RENOVABLE E ENERXÉTICAMENTE EFICIENTE
13. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA RÍA DE AROUSA
14. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á CREACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AC-305
15. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á DEMANDA DUN/HA SEGUNDO/A PEDIATRA PARA RIANXO
16. MOCIÓN DO BNG: RETIRADA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO.
17. MOCIÓN PARA APOIAR A PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.

## **PARTE DE CONTROL**

- 18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
- 19. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2024-26 (POMP 2024-26)
- 20. ROGOS E PREGUNTAS

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**c278e45f4d4ccae5f9cd08347590471d9e1334ff747ef9e17ccd08bf30101c24**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=yZjb7tkMMOo>**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

#### PARTE RESOLUTIVA

##### 1 APROBACIÓN ACTAS

- ✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 2/2023 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DO 09/02/2023**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 2/2023 de 09/02/2023.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 09/02/2023, Acta nº 2/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 3/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 23/02/2023**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2023 de 23/02/2023.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 23/02/2023, Acta nº 3/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**2 APROBACIÓN CONVENIO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse conta da proposta

Antecedentes

12.04.2011 textos extraestatutarios aprobados sesión plenaria incluídos no Plan Estabilidade Emprego Público do Concello de Rianxo

26.02.2015 Por acordo plenario apróbase Convenio Colectivo do Personal Laboral ao Servizo Do Concello de Rianxo .Consta dilixencia da secretaria da súa aprobación. A presente secretaria non lle consta que dito documento fose rexistrado nin publicado no Bop.

04.12.2020 a Mesa Xeral de Negociación aproba un novo texto Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Rianxo. Acta mesa

27.04.2021 Informe dos cambios negociados no convenio colectivo do persoal laboral e no acordo do persoal funcionario e aprobados na mesa de negociación do 4 de decembro de 2020

30.07.2021 Mesa de Negociación na que, como primeiro punto da Orde do Día, aprobase unha modificación do Artigo 112. Convenio Colectivo

23.08.2021 Documento “Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Rianxo (texto refundido 30 xullo 2021)” incorporado o con número de identificación interno 327594 que recolle o texto aprobado na Mesa do 04.12.2020 xunto coas modificacións aprobadas o 30.07.2021

18.4.2023 informe asistencia técnica Santos Lorenzo Lorenzo sobre o Convenio Colectivo e acordo Regulador de Funcionarios do Concello de Rianxo incorporado o expediente o 11.1.2023

11.1.2023 Informe Aurora Rey Rodríguez, secretaria das sesións da Mesa Xeral de Negociación do 04.12.2020 e do 30.07.2021

07.03.2023 Informe da secretaria da corporación

Atendendo á documentación e antecedentes que figuran no expediente, cabe observar como esta proposta de texto de Convenio Colectivo sería o resultado do proceso negociador e acordo materializados polas respectivas representacións da empresa (neste caso o Concello de Rianxo) e do persoal laboral (neste caso o Comité de Empresa do Concello de Rianxo), no exercicio da lexitimidade negocial e capacidade representativa legalmente recoñecidas, a tales efectos, consonte o disposto ao respecto polo artigo 87 do TRLET, así como da autonomía negocial colectiva tamén recoñecida, e para tal fin, pola normativa laboral (véxase o artigo 82.1 do TRLET); e tralo desenvolvemento do correspondente e preceptivo proceso de negociación colectiva realizado no marco da correspondente comisión negociadora, e con arranxo ao disposto, ao respecto, nos artigos 88 e 89 do TRLET. Debendo acreditarse, pois, o cumprimento dos requisitos e criterios procedementais e xerais sobre negociación colectiva que, segundo a lexislación laboral (que sería, como se dixo, á que proceda remitirse), resultarían aplicables e, singularmente, en relación coa negociación dos Convenios Colectivos, como o presente, de empresa e/ou ámbito inferior.

Agora ben, con independencia de que, nos termos do previamente sinalado, a dita proposta de Convenio se teña formalizado con adecuación ao procedemento e restantes esixencias que, en virtude da lexislación laboral ordinaria, resultarían aplicables en materia de negociación colectiva, o certo é que, ao afectar/implicar a unha Administración Pública, a súa plena validez e eficacia requiriría, asemade, e con arranxo ao disposto ao Santos Lorenzo Lorenzo Asistencia técnica par a elaboración do Convenio Colectivo e Acordo Regulador de Funcionarios do Concello de Rianxo 13 respecto nos artigos 38.3 do EBEP e 154.3 da LEPG, da aprobación expresa e formal do órgano competente.

Neste senso compre precisar que, dentro da normativa reguladora de réxime local que resultaría aplicable, non existe previsión nin referencia expresa ao respecto do órgano municipal competente para a aprobación/modificación de convenios ou acordos colectivos de traballo de análogas características; non obstante, tendo en conta o que vén sendo unha praxe consagrada, e habitual, por parte das entidades locais, e considerando, amais, a particular natureza/eficacia normativa que se lle vén recoñecendo aos convenios (“normas convencionalmente aplicables”), cabería entender que sería o Pleno Municipal o órgano municipal ao que procedería elevar, pois, a dita proposta de Convenio, ao obxecto do seu estudo e, de ser o caso, aprobación; ratificación para a que, ao non estarmos ante un

dos supostos excepcionais previstos no artigo 47.2 da LBRL, sería suficiente a concorrencia dunha votación plenaria con resultado de maioría simple.

Finalmente, tras a aprobación, de ser o caso, polo Pleno Municipal, deberase estar ás esixencias legais que en materia de rexistro, depósito e publicación de acordos colectivos de traballo, como o presente, resultan aplicables (véxase o disposto, ao efecto, nos artigos 38.6 do TRLEBEP, 154.6 da LEPG, 90.2 e 90.3 do TRLET, así como no Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo).

De tal xeito que, tras a súa aprobación plenaria, deberase proceder á remisión do Convenio, xunto coa restante documentación requirida, á autoridade laboral competente ao efecto (competencia asumida, actualmente, e no caso de Galicia, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da súa respectivas Xefaturas Territoriais), que será a encargada de ordenar a súa inscrición, depósito e rexistro, dispoñendo, finalmente, a súa publicación oficial; sendo a dita publicación a que determine, segundo o expresamente acordado polas partes, a entrada en vigor xeral do Convenio (agás aqueles aspectos concretos respectos dos que no propio convenio se teña adiado/supeditado a súa entrada en vigor a un momento/requisito posterior)

Realizada a tramitación legalmente establecida , propónse ao Pleno a adopción do **seguinte, ACORDO**

Primeiro.-

Aprobar o Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao Servizo do Concello de Rianxo, nos termos en que ten sido previamente negociado, acordado e rubricado pola Comisión Negociadora constituída ao efecto, e con arranxo ao disposto na lexislación laboral aplicable.

Segundo.-

Remitir o dito Convenio, xunto coa restante documentación que figura no expediente e resulte preceptiva, á autoridade laboral competente en materia de inscrición, rexistro, depósito e publicación do mesmo; e garantir, así, a súa plena efectividade e entrada en vigor.

Terceiro.-

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/03/2023.

#### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-**

Aprobar o Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao Servizo do Concello de Rianxo, nos termos en que ten sido previamente negociado, acordado e rubricado pola Comisión Negociadora

constituída ao efecto, e con arranxo ao disposto na lexislación laboral aplicable.

**Segundo.-**

Remitir o dito Convenio, xunto coa restante documentación que figura no expediente e resulte preceptiva, á autoridade laboral competente en materia de inscrición, rexistro, depósito e publicación do mesmo; e garantir, así, a súa plena efectividade e entrada en vigor.

**Terceiro.-**

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3 APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse conta da proposta

Antecedentes

12.04.2011 textos extraestatutarios aprobados sesión plenaria incluídos no Plan Estabilidade Emprego Público do Concello de Rianxo

26.02.2015 Por acordo plenario apróbase Acordo regulador do persoal funcionario. A presente secretaria non lle consta que dito documento fose rexistrado nin publicado no Bop.

04.12.2020 a Mesa Xeral de Negociación aproba un novo texto Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Rianxo. Acta mesa

27.04.2021 Informe dos cambios negociados no convenio colectivo do persoal laboral e no acordo do persoal funcionario e aprobados na mesa de negociación do 4 de decembro de 2020

30.07.2021 Mesa de Negociación, apróbase unha modificación do Artigo 112 Acordo Regulador para o persoal funcionario do Concello de Rianxo.

23.08.2021 Documento " Acordo Regulador para o persoal funcionario do Concello de Rianxo. (texto refundido 30 xullo 2021)" incorporado o con número de identificación interno 327602 que recolle o texto aprobado na Mesa do 04.12.2020 xunto coas modificacións aprobadas o

30.07.2021

18.4.2023 informe asistencia técnica Santos Lorenzo Lorenzo sobre o Convenio Colectivo e acordo Regulador de Funcionarios do Concello de Rianxo exp relacionado convenio colectivo 2021/G013/000002

11.1.2023 Informe Aurora Rey Rodríguez, secretaria das sesións da Mesa Xeral de Negociación do 04.12.2020 e do 30.07.2021

09.03.2023 Informe da secretaria da corporación

A elaboración e aprobación dun Acordo Regulador do persoal funcionario ao servizo dunha administración, e como o agora pretendido no Concello de Rianxo, estaría amparada e encadrada no exercicio do dereito á negociación colectiva recoñecido con carácter xeral a todos os empregados públicos (artigos 15.b 31 do TRLEBEP e 147.b e 148 da LEPL) e, de xeito concreto, para o persoal de réxime funcional (nos artigos 33 e ss do TRLEBEP, e 147.3, 149 e ss da LEPL). E que habilitaría a posibilidade de que, como neste caso, e consonte ao procedemento e criterios negociais fixados pola antedita normativa (e sempre que, como neste caso acontecería, se respecte a regulación básica realizada, respecto das diferentes materias negociadas, por esta e aquela outra normativa concordante/relacionada), se poidan negociar, no ámbito específico de cada administración, as condicións de traballo comúns do persoal funcionario ao seu servizo; e que a dita negociación poida materializarse na concertación de Acordos, ao respecto, entre a representación da administración correspondente e das organizacións sindicais lexitimadas para tales efectos.

Adecuación normativa xeral dos contidos/previsións do Acordo.

Unha vez examinados os contidos desta proposta de Acordo, así como a regulación realizada dos mesmos, cabería concluír a súa adecuación/adaptación xeral ao marco normativo de aplicación, e sinalado no apartado anterior; e ilo en atención ás consideracións realizadas a continuación.

Primeiramente, porque incluíría os contidos mínimos que, segundo o disposto nos artigos 38 do TRLEBEP e 154 da LEPL, deberían ter este tipo de acordos reguladores de condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo dunha determinada administración. E afectaría, ademais, e cumprindo co expresamente disposto ao efecto nos artigos 38.2 do TRLEBEP e 154.2 da LEPL, a materias e persoal funcionario enmarcados dentro do ámbito competencial do Concello.

Por outra banda, porque cabería acreditar que a regularización realizada respecto dos contidos e materias comprendidos no mesmo se adecuarían, en todo caso, á previsto ao efecto, e con carácter obrigado, no TRLEBEP, na LEPL e restante normativa concordante/relacionada e básica



aplicable

Realizada a tramitación legalmente establecida , propónse ao Pleno a adopción do seguinte,  
ACORDO

Primeiro.-

Aprobar o Acordo Regulador do Persoal Funcionario ao Servizo do Concello de Rianxo, nos termos en que ten sido previamente negociado, acordado e rubricado pola Mesa de Negociación constituída ao efecto, e con arranxo ao disposto pola normativa aplicable.

Segundo.-

Remitir o dito Acordo, xunto coa restante documentación que figura no expediente e resulte preceptiva, á autoridade competente en materia de inscrición, rexistro, depósito e publicación do mesmo; e garantir, así, a súa plena efectividade e entrada en vigor

Terceiro.-

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/03/2023.

#### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-**

Aprobar o Acordo Regulador do Persoal Funcionario ao Servizo do Concello de Rianxo, nos termos en que ten sido previamente negociado, acordado e rubricado pola Mesa de Negociación constituída ao efecto, e con arranxo ao disposto pola normativa aplicable.

**Segundo.-**

Remitir o dito Acordo, xunto coa restante documentación que figura no expediente e resulte preceptiva, á autoridade competente en materia de inscrición, rexistro, depósito e publicación do mesmo; e garantir, así, a súa plena efectividade e entrada en vigor

**Terceiro.-**

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **4 APROBACIÓN REGULAMENTO DO TELETRABALLO NO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse conta da proposta

Antecedentes

09.03.2021 Borrador de Regulamento de Teletraballo no Concello de Rianxo

04.12.2020 a Mesa Xeral de Negociación aproba o borrador de Regulamento de Teletraballo no Concello de Rianxo

07.03.2023 Informe da secretaria da corporación

*CONCLUSIÓNS: Vistos os argumentos expostos, emito informe desfavorable sobre coas seguintes cuestións :*

*1.- Como xa indicamos anteriormente, da lectura conxunta do texto, resulta que non queda garantizado o cumprimento previsto no artigo 47bis 4 Real Decreto Lexislativo 5/2015 que a Administración proporcionará e manterá ás persoas que traballen nesta modalidade, os medios tecnolóxicos necesarios para a súa actividade.*

*2.-Non aparece motivada nin xustificada esixencia de levar 2 anos de antigüidade no Concello de Rianxo para poder disfrutar desta modalidade de traballo , esta esixencia non cumpre a finalidade de buscar unha administración mais eficaz na prestación dos servizos públicos, levar dous anos de prestación de servizos non leva aparelado estes sexan prestados con maior eficacia.*

*O resto de puntos do borrador infórmanse favorablemente en tanto este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundamentado en dereito*

Consideracións

Este Regulamento ten por obxecto establecer as bases da prestación do servizo do persoal municipal do Concello de Rianxo na súa modalidade non presencial, mediante a fórmula do teletraballo

O artigo 47 bis.TREBEP define o Teletraballo. Como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo permítano, fóra das dependencias da Administración,

mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación.

Atendendo á documentación e antecedentes que figuran no expediente, cabe observar como esta proposta de texto de Regulamento é resultado do proceso negociador e acordo materializados polas respectivas representacións da empresa (neste caso o Concello de Rianxo) e do persoal laboral (neste caso o Comité de Empresa do Concello de Rianxo), e representantes funcionarios no exercicio da lexitimidade negociadora na correspondente comisión negociadora, e con arranxo ao disposto, ao respecto, nos artigos 88 e 89 do TRLET.

Realizada a tramitación legalmente establecida conforme o artigo 49 LBRL previo ditame da comisión informativa, propónse ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.-

Aprobar inicialmente o Regulamento de Teletrexallo no Concello de Rianxo aprobado na Mesa Xeral de Negociación 4.12.2020, abrir un período de información pública, por un prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas

Segundo .-

Publicar o anuncio exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo e na sede electrónica

Terceiro.-

No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

Cuarto.-

O Acordo de aprobación definitiva do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, de Coruña tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica <https://sede.concelloderianxo.gal>

Quinto .-

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/03/2023.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

#### **Primeiro.-**

Aprobar inicialmente o Regulamento de Telet traballo no Concello de Rianxo aprobado na Mesa Xeral de Negociación 4.12.2020, abrir un período de información pública, por un prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas

#### **Segundo .-**

Publicar o anuncio exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo e na sede electrónica

#### **Terceiro.-**

No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

#### **Cuarto.-**

O Acordo de aprobación definitiva do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, de Coruña tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica <https://sede.concelloderianxo.gal>

#### **Quinto .-**

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado .

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **5 APROBACIÓN REGULAMENTO SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse conta da proposta

Antecedentes

09.03.2021 Regulamento de segunda actividade do persoal ao servizo do concello de Rianxo

04.12.2020 a Mesa Xeral de Negociación aproba o borrador de Regulamento de segunda actividade do persoal ao servizo do concello de Rianxo

14.03.2023 Informe da secretaria da corporación

Consideracións

Este Regulamento ten por obxecto establecer a regulación dos supostos, procedemento e efectos do acceso do persoal municipal á situación de segunda actividade, definida nos termos do exposto no artigo 3, en desenvolvemento do previsto, para este efecto, no Convenio Colectivo do persoal laboral municipal e no Acordo Regulador das condicións do persoal funcionario municipal, respectivamente.

Atendendo á documentación e antecedentes que figuran no expediente, cabe observar como esta proposta de texto de Regulamento é resultado do proceso negociador e acordo materializados polas respectivas representacións da empresa (neste caso o Concello de Rianxo) e do persoal laboral (nesta caso o Comité de Empresa do Concello de Rianxo), e representantes funcionarios no exercicio da lexitimidade negociadora na correspondente comisión negociadora, e con arranxo ao disposto, ao respecto, nos artigos 88 e 89 do TRLET.

Realizada a tramitación legalmente establecida conforme o artigo 49 LBRL previo ditame da comisión informativa, propónse ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.-

Aprobar inicialmente o Regulamento de segunda actividade do persoal ao servizo do concello de Rianxo aprobado na Mesa Xeral de Negociación 4.12.2020, abrir un período de información pública, por un prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas

Segundo .-

Publicar o anuncio exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo e na sede electrónica

Terceiro.-

No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

Cuarto.-

O Acordo de aprobación definitiva do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, de Coruña tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica <https://sede.concelloderianxo.gal>

Quinto .-

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado .

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/03/2023.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-**

Aprobar inicialmente o Regulamento de segunda actividade do persoal ao servizo do concello de Rianxo aprobado na Mesa Xeral de Negociación 4.12.2020, abrir un período de información pública, por un prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas

**Segundo.-**

Publicar o anuncio exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo e na sede electrónica

**Terceiro.-**

No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

**Cuarto.-**

O Acordo de aprobación definitiva do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, de Coruña tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica <https://sede.concelloderianxo.gal>

**Quinto.-**

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado .

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**ASUNTOS URXENTE SEN DITAMINAR**

**6 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 333/2022 APROBACIÓN DO PROXECTO MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Ma BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021) ASINADO CON DATA 18/04/2022 INCLUÍDO NO POS 2019 - AD. 1/2019**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 333/2022 APROBACIÓN DO PROXECTO MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021) ASINADO CON DATA 18/04/2022 INCLUÍDO NO POS 2019 - AD. 1/2019 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 29 de abril de 2022, ditase a Resolución da alcaldía nº 333/2022, que a continuación se transcribe:

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **APROBACIÓN DO PROXECTO MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Ma BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021) ASINADO CON DATA 18/04/2022 INCLUÍDO NO POS 2019 - AD. 1/2019**

#### ANTECEDENTES

I. En sesión plenaria do 13 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos - POS + 2019 que a continuación se transcribe na súa parte dispositiva:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

#### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Capítulo II</b>	<b>Capítulo VI</b>	<b>Total</b>
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>60.870,37</b>	<b>101.984,92</b>	<b>162.855,29</b>

#### **B ) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	236.754,18
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>236.754,18</b>

#### **C ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN – FASE 1, TARAGOÑA	35.640,42	19.268,69	54.909,11
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>35.640,42</b>	<b>19.268,69</b>	<b>54.909,11</b>



ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN DE PISTA A MEIQUIZ E RIAL (1a FASE)	40.487,20	8.812,29	49.299,49
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>40.487,20</b>	<b>8.812,29</b>	<b>49.299,49</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	93.343,17	5.000,00	98.343,17
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	93734,39	5.594,34	99.328,73
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	<b>187.078,56</b>	<b>10.594,34</b>	<b>197.672,90</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
0	0	0
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2018</b>	162.855,29	0	162.855,29
	<b>Achega 2019</b>	0	0	0
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	236.754,18	0	236.754,18
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	35.640,42	19.268,69	54.909,11
	<b>Achega 2018</b>	40.487,20	8.812,29	49.299,49
	<b>Préstamo 2019</b>	187.078,56	10.594,34	197.672,90
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	<b>272.394,60</b>	19.268,69	291.663,29
	<b>Achega 2018</b>	<b>203.342,49</b>	8.812,29	212154,78
	<b>Préstamo 2019</b>	<b>187.078,56</b>	10.594,34	197.672,90
	<b>TOTAL</b>	<b>662.815,65</b>	38.675,32	701.490,97

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	168.420,21
<b>TOTAIS</b>	<b>505.916,55</b>

II. Con data 30 de marzo de 2019 recíbese Circular a Deputación da Coruña sobre a elaboración do **POS+ADICIONAL 1/2019** indicándose na mesma que coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno desta deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, sometida a unha condición que xa foi declarada cumprida. Dita cantidade distribuíuse entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, o que se lle comunicou a ese concello mediante a Circular de data 7 de marzo de 2019. Na citada Circular indicábase textualmente textualmente que: "Tendo en conta que o Pleno dese concello xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos o Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda."

Esta Alcaldía, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13 de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, en data de 14.05.2019, mediante Resolución de Alcaldía núm. 456/2019 RESOLVE:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**POS+ADICIONAL 1/2019 - 1ª FASE**

PRIMEIRO

Participar na **1ª Fase do Plan** provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+ Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95		115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39		222.357,39
<b>TOTAL</b>	<b>337.496,34</b>		<b>337.496,34</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Diferenza pendente para a 2ª Fase	63.386,28

## SEGUNDO

Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

III. Non obstante o anterior, **no posterior EMC 2/2019**, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de abril de 2019, consignáronse 9.000.000,00 € máis, o que fai unha maior achega provincial total par o POS+ 2019 de 39.000.000,00€ que tamén se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios do POS+, o que permitiría elaborar o POS+ ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial logo da entrada en vigor do dito EMC 2/2019.

A cantidade que definitivamente lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 1/2019 polo reparto da maior achega provincial por importe de 39.000.000,00 € é a seguinte: CONCELLO POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial (€) Rianxo **400.882,62**. Así conforme ás instrucións indicadas polo ente provincial na Circular mencionada, **o POS+ Adicional 1/2019 aprobarase en dous fases:**

**Na 1a fase** incluíranse unicamente investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2019, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por este concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 1/2019 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación é moi curto, ata o 20 de maio de 2019.

Fase en virtude da cal se adopta a resolución de alcaldía núm. 456/2019 antes sinalada.

**Na 2a fase** incluíranse os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación é mais longo, ata o 13 de setembro de 2019.

**Conforme á Circular antedita cómpre facer agora un pronunciamento sobor dos novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019 nesa 2ª fase.** Considerando que o prazo concedido ao efecto remata o día 13 de setembro de 2019, non dando tempo á incluír o citado punto na orde do día do vindeiro pleno ordinario, esta Alcaldía, oída advertencia de secretaría respecto á necesidade de incorporar informe técnico previo á aprobación do proxecto de obras, así como da necesidade de incorporar a documentación indicada nas bases (Anexos, informes de dispoñibilidade, autorizacións, etc) non obrantes neste momento, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13 de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, mediante resolución de alcaldía núm. 813/2019 DE 12.09.2019, a Alcaldía RESOLVE:

“1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO	63.300,00€		63.300,00€
<b>TOTAL</b>	<b>63.300,00€</b>		<b>63.300,00€</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.300,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

9.- Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019

IV. En sesión plenaria de 26.09.2019 no punto 7º da Orde do día, acórdase:

*“PRIMEIRO*

*Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 813/2019, nos termos indicados na mesma.*

*SEGUNDO*

*Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.”*

V. En data de 09.10.2019 con R.E. nº 5040 recíbese o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, advertindo unhas deficiencias no proxecto técnico presentado.

Con data de 29.10.2019 con rexistro de entrada nº 5392 recíbese no Concello novo proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González, para segundo indica atender ao requirimento de subsanación da Deputación da Coruña.

VI. O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente do xoves 7 de novembro de 2019, aprobou o seguinte acordo: APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DO 28/10/2019 – MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO – (POS + PLAN ADICIONAL 2)

Consta no expediente autorización do consello escolar para a realización de ditas obras.

VII. Con data 27/12/2019 con rexistro de entrada núm. 6236 A Deputación da Coruña comunica a aprobación da 2ª e derradeira fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia Municipal POS + ADICIONAL 1/2019 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. indicando os investimentos que a tal fin foron incluídos no citado Plan Provincial correspondente ao ano 2019, e indicando: *"Os prazos de contratación execución dos investimentos incluídos nesta 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 foron ampliados no acordo da súa aprobación ata o 30 de novembro de 2020 e 30 de novembro de 2021, respectivamente."*

VIII. En data de 03.06.2020 dítase Providencia de Alcaldía xustificando a necesidade de licitar un contrato de obras para a execución do proxecto técnico MODIFICADO DO 28/10/2019 – MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO – (POS + PLAN ADICIONAL 2), expediente **2019/C003/000004**, dando lugar as correspondentes actuacións administrativas ata chegar á formalización do correspondente contrato administrativo de obras EN DATA DE 11.08.2021 coa empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL, por importe de 61.105,00 (50.500,00 + 10.605,00 € de IVE) por ser a segunda empresa ca mellor puntuación, de acordo ao establecido nos PCAP que rexen a licitación e cun prazo de execución de 6 semanas.

IX. Presentado o C Plan de Seguridade e Saúde da obra e aprobado p por resolución da alcaldía núm. 736/202 de 03.09.2021, con data de 13.10.2021 (R.E. núm 202199900001836) preséntase por Luis Felipe López Saco, en representación da empresa NOVAVIAL, SL, (antes BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL) na sede electrónica do Concello un escrito no que solicitan a rescisión do contrato e a devolución do aval bancario depositado:

*"EXPONE*

*Primero.- Que, en fecha 5 de agosto de 2021, mi representada resultó adjudicataria en el expediente de referencia relativo a la realización de obras de "Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio Xosé Mª Brea Segade de Taragoña en Rianxo". Segundo.- Que, en fecha 12 de agosto de 2021, se firma el correspondiente Contrato entre mi representada y el Concello de Rianxo. Tercero.- De conformidad con los artículos 236 y 237 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y el PCAP y Elemento del Contrato 18.1. Comprobación del Replanteo, donde se indica que: "Dentro del mes siguiente a la formalización del contrato se efectuará la comprobación del replanteo, en la fecha en que la Administración señale, quedando obligado el contratista, después de la notificación a la dirección del correo electrónico que figura en su oferta, a acudir a este y suscribir el correspondiente acta, de conformidad con el artículo 236 LCSP. Si el contratista no acudiera, sin causa justificada, al acto de Comprobación de replanteo su ausencia se considerará como incumplimiento del contrato, con el carácter de incumplimiento de obligación esencial, dando lugar a la tramitación de un expediente de resolución de contrato."*

*Cuarto.- Transcurridos 2 meses desde la firma del Contrato, el Concello de Rianxo no ha señalado ninguna fecha ni ha transmitido ninguna comunicación a través del correo electrónico designado por mi representada para la firma del Acta de Replanteo.*

*SOLICITA que, en cumplimiento de lo dispuesto en el mencionado Elemento del Contrato, proceda a la rescisión del Contrato y a la devolución del aval bancario depositado para su cancelación correspondiente "*

X. Con data de 13.10.2021 (R.E. núm 202199900001842) recíbese informe do director de obra , Juan Carlos Bastos González , informe relativo ao estado de execución das obras indicando:

*"(...)*

*En funcións desta labor de director de obra e coordinador de seguridade e saúde tense posto en contacto ca empresa licitada no contrato. Dentro dos contactos establecidos xa se ten recibido e aprobado o plan de seguridade preciso para realizar as obras licitadas (02/09/2021). Nestes mesmos contactos establecidos a empresa traslada a preocupación pola subida dos materiais, xa que os prezos que se proxectan son os correctos para unha obra a executar no ano 2019, ano de onde se extraeron as tarifas reflexadas no proxecto, realizado en Outubro do ano 2019. A empresa contratista non volveu a contactar ca dirección de obra, dando por última resposta que están á espera de recibir todos os orzamentos precisos para a execución da obra, para comprobar que poidan executar a obra con prezos que encaixen no mercado e dentro do estipulado en proxecto.*

*Na actualidade vense dunha notable subida de prezos de materias de construción, así como dun sobresaínte*

*desabastecemento, como neste caso está sucedendo sobre os paneis plásticos, estruturas metálicas e paneis metálicos con illamento precisos para a obra. Estes prezos poden ter sufrido uns incrementos de polo menos un 50% de media. Nas partidas do proxecto existe unha porcentaxe de case un 70% que está composto por estrutura metálica, paneis translúcidos para a envolvente e paneis sándwich para cuberta. En vistas do descrito, como director de obra pódese informar que a obra vai a sufrir atrasos na súa execución, xa que os compoñentes non están dispoñibles normalmente no mercado e existen a día de hoxe serias dúbidas de que a empresa chegue a conseguir materiais a prezos do ano 2019. Desta forma, pretendendo dar por aclarada a situación existente da execución da obra e quedando a expensas de calquera outra aclaración, asíñase o presente informe en:*

*Rianxo, a 13 de Outubro"*

9. Á vista a anterior e previa tramitación do oportuno expediente de resolución de contrato con arranxo á normativa correspondente (expediente 2021/X999/001217), mediante resolución de alcaldía núm. 1027/2021 de 03.12.2021 o alcalde, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril e Disposición Adicional II da LCSP, RESOLVE:

*"1º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo de obras denominado "MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO" (expediente contrato de obra 2019/C003/000004) e adxudicado á empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL, con CIF B-70538459 por importe de 61.105,00 (50.500,00 + 10.605,00 € de IVE), hoxe NOVAVIAL S.L. segundo escritura de cambio de denominación social a NOVAVIAL S.L. núm 739 do seu protocolo de data de 03.09.2021 inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña no Tomo 3633, Folio 161, Folla núm. C 56530 Inscripción 3ª en data de 21.09.2021, en aplicación do previsto no artigo 211 c) da LCSP.*

*2º.- Avocar la competencia de la XGL para a devolución da garantía constituída polo adxudicatario.*

*3º.- Devolver a garantía definitiva depositada por importe de 2.525,00 € mediante aval bancario núm. 10001212879 de "El Banco de Sabadell, SA" de 29.06.2021.*

*4º.- Notifíquese o presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.*

*5º.- Déase traslado do presente acordo á Tesourería municipal aos efectos oportunos de devolución do aval."*

XI.- Resolto o contrato, e ante a escalada de prezos producida como consecuencia da crise do COVID -19, coa finalidade de executar a citada obra, procede unha revisión do Proxecto de obra " MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO" ante a imposibilidade de licitar un novo contrato cun proxecto cuxos prezos se teñen quedado obsoletos.

Ante esta tesitura, en data de 07.12.2021 ( R.E. nº 202199900002131) por encargo de Alcaldía, Juan Carlos Bastos González, procede a presentar no Concello un novo proxecto denominado " PROXECTO TÉCNICO DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEIP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE DE TARAGOÑA EN RIANXO. MODIFICADO 19.11.2021.

XII. Conforme ao indicado nas Bases reguladoras do POS +2019,

#### **"8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS**

*Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.*

*Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o*

*correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento. Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello, e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.”*

No Pleno ordinario de data 31 de marzo de 2022 adoptase o seguinte acordo:

“.../..

*Incorpóranse ao expediente os Anexos V, Anexo VI, Anexo VII e VIII correspondentes ao Modificado.*

*Considerando que non se altera co proxecto modificado o contido do incluído no POS ADICIONAL 1/2019 2ª FASE, senón que unicamente se procede a unha revisión dos prezos de mercado en atención á antigüidade do proxecto incluído no plan provincial adicional, proxecto co que non se podería levar a cabo unha nova licitación.*

*Logo de ver que á vista do incremento experimentado no seu orzamento conforme ás bases reguladoras do citado Plan Provincial (apartado 8 anteriormente transcrito) o incremento experimentado de 33.928,4 €) deberá ser asumido polo Concello, incremento que conta con informe favorable de intervención obrante no expediente.*

*Polo que en virtude do establecido no artigo 21.1 s) da LBRL, propono ao Pleno a adopción do presente ACORDO:*

**PRIMEIRO:**

*De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o Proxecto “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)” presentado no Concello en data de 07.12.2021 (R.E. nº 202199900002131) redactado Juan Carlos Bastos González, que en todo caso non supón modificacións de carácter substancial senón unha revisión dos prezos para adecualos aos de mercado en cumprimento do artigo 100 da LCSP ante a antigüidade do proxecto anterior, non podendo levar a cabo unha nova licitación cun proxecto tan antigo.*

**SEGUNDO:**

*Declarar que o concello comprométese a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal ao investimento financeiramente sostible incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019 denominado “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)”.*

**TERCEIRO**

*Dar conta do presente acordo á Deputación da Coruña.”*

Con data 25/04/2022, co número de Rexistro de Entrada 202200000001344, recíbese requirimento da Deputación Provincial da Coruña.

Incorporados ao expediente e remitida a través da Plataforma SUBTEL toda a documentación requirida pola Deputación Provincial da Coruña.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".

Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña solicitando a aprobación do proxecto.

Por todo o exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO

De acordo co sinalado nas consideracións legais e técnicas anteriores, APROBAR O MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)" **ASINADO O 18/04/2022**, presentado con data 18/04/2022 (Nº Rexistro 202299900000598) redactado a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento nin modificacións de carácter substancial senón correccións materiais para atender a dito requirimento.

SEGUNDO

Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO

Dar traslado de este acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL, de acordo o seu requirimento.

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 333/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir o certificado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.



## **7 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 187/2023 APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DECEMBRO 2022 - REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES INCLUÍDO NO POS + 2019**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 187/2023 APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DECEMBRO 2022 - REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES INCLUÍDO NO POS + 2019 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

Con data 28 de febreiro de 2023, ditase a Resolución da alcaldía nº 187/2023, que a continuación se transcribe:

### *RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

#### **APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DECEMBRO 2022 - REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES**

*En sesión plenaria do 13 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos – POS + 2019.*

*Visto os requirimentos do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña, solicitando unha serie de documentación, e que foi remitida a dita entidade a través da plataforma SUBTEL.*

*Atendendo ao exposto, e á documentación que consta no expediente, considerando que os cambios introducidos obedecen á necesidade de axustarse aos requirimentos efectuados polo ente provincial, considerando pois, os fundamentos e antecedentes expostos, é polo que en uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:*

#### **PRIMEIRO**

*Aprobar o **PROXECTO MODIFICADO DECEMBRO 2022 REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES**, asinado pola arquitecta Sandra González Alvarez, que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos da Deputación da Coruña.*

#### **SEGUNDO**

*Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña elevando a correspondente certificación á plataforma SUBTEL*

### **TERCEIRO**

*Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

### **PRIMEIRO**

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 187/2023, nos termos indicados na mesma.

### **SEGUNDO**

Remitir o certificado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **8 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 223 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I: ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 223 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I: ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 14.03.2023, ditase a Resolución de alcaldía número 223/2023 que a continuación se

transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**APROBACIÓN MODIFICACIÓN ANEXO I DA APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023"**

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente do xoves 09 de febreiro de 2023, aprobou a **PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Detectado un erro aritmético no seguinte cadro, onde di:

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiros sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE A CASILLA- ARAÑO	118.835,04	13.470,80	0,00	13.470,80	132.470,80€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>118.835,04</b>	<b>13.470,80</b>	<b>0,00</b>	<b>13.470,80</b>	<b>132.470,80€</b>

Debe dicir:

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiros sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE A CASILLA- ARAÑO	118.835,04	13.635,76	0,00	13.470,80	132.470,80€

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiros sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>118.835,04</b>	<b>13.635,76</b>	<b>0,00</b>	<b>13.470,80</b>	<b>132.470,80€</b>

Considerando que a modificación introducida non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose os contidos dos proxectos presentados no seu día.

De acordo co indicado, e de acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO**

Aprobar a Modificación do ANEXO I, quedando redactado da seguinte forma:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	40.829,46
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>40.829,46</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2023</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzament o total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>AMPLIACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E INSTALACIÓN DE BOMBEO NO LUGAR DE TRONCO; FASE I</b>	208.785,50	0,00	0,00	0,00	<b>208.785,50€</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>208.785,50</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>208.785,50€</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE A CASILLA- ARAÑO</b>	118.835,04	13.635,76	0,00	13.635,76	<b>132.470,80€</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>118.835,04</b>	<b>13.635,76</b>	<b>0,00</b>	<b>13.635,76</b>	<b>132.470,80€</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda</b>
Banco de Sabadell, SA	5.200,31
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	<b>5.200,31</b>

✓ **Resumo:**

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	40.829,46				40.829,46
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	-----				-----
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	208.785,50	0,00	0,00	0,00	208.785,50
	Achega 2022	118.835,04	13.635,76	0,00	13.635,76	132.470,80
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	5.200,31				5.200,31
D- TOTAL	Achega 2023	249.614,96	0,00	0,00	0,00	249.614,96
	Achega 2022	118.835,04	13.635,76	0,00	13.635,76	132.470,80
	Préstamo 2023	5.200,31				5.200,31
	<b>TOTAL</b>	<b>373.650,31</b>	<b>13.635,76</b>	<b>0,00</b>	<b>13.635,76</b>	<b>387.286,07</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
AMPLIACIÓNS DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILLANUSTRE - ASADOS	194.386,50	0,00	194.386,50
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO LUGAR DE VILAS - FASE II	145.523,78	0,00	145.523,78
<b>TOTAIS</b>	<b>339.910,28</b>	<b>0,00</b>	<b>339.910,28</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

#### SEGUNDO

Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

#### TERCEIRO

Dar traslado de este acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

#### PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 215/2023, nos termos indicados na mesma.

#### SEGUNDO

Remitir o certificado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno

da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **9 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: CONCENTRACIÓN PARCELARIA NA PARROQUIA DO ARAÑO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: CONCENTRACIÓN PARCELARIA NA PARROQUIA DO ARAÑO sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nas décadas dos setenta e oitenta falouse con certa insistencia en varias parroquias de Rianxo, especialmente en Araño, de acometer un proceso de concentración de terras. Esta angueira respondía naquel momento ó cambio que se estaba dando no país ó pasar da produción centrada no autoconsumo a outra con enfoque máis comercial.

Estas concentracións nunca chegaron a iniciarse e os tempos cambiaron moito, pero unha porcentaxe moi ampla dos veciños de Araño, a través da súa asociación de veciños, seguen manifestando o seu interese no agrupamento de terras, e con este fin recolleron recentemente entre os propietarios máis de 400 sinaturas.

Nos anos setenta esta petición estaba baseada na necesidade de incrementar a produción agraria mediante a utilización de maquinaria e de novas técnicas agrícolas. Aínda que as condicións variaron moito nestas máis de catro décadas, sacar un beneficio económico destas terras pasa necesariamente polo seu agrupamento. Non tentalo pode considerarse unha irresponsabilidade nun tempo con unha enorme suba dos prezos dos alimentos, e na que a loita contra o cambio climático e a busca de alimentos de calidade está incentivando os circuitos curtos de produción e a economía circular.

Ás anteriores engádese na actualidade a necesidade de xestión das parcelas para protexer os núcleos fronte ós incendios forestais.

Estas necesidades sentidas polos veciños encaixan dentro da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e en concreto dos obxectivos xerais fixados no



artigo 2 da mesma.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que a Corporación Municipal do Concello de Rianxo manifeste o seu apoio á Asociación de Veciños do Araño en relación á solicitude de concentración parcelaria para a parroquia.
2. Que o Concello de Rianxo ponse a disposición da dita asociación coa finalidade de prestarlle o apoio técnico necesario para a achega da documentación recollida nos artigos 5, 46 e 47 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura agraria de Galicia.
3. Que o Concello de Rianxo lle faga chegar á Consellería de Medio Rural a súa disposición a colaborar cos servizos correspondentes nos aspectos recollidos nos artigos 9.3, 9.4, 14, 16 e outros recollidos na Lei 4/2015

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sendo as 21:20 h. Suspendese a sesión temporalmente por un corte no subministro eléctrico, reanudase a sesión as 21:32 h.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **10 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RECUPERACIÓN DA PARADA DE FONTE SUSÁN**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RECUPERACIÓN DA PARADA DE FONTE SUSÁN sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Fonte Susán, en Taragoña, existe dende fai moito unha marquesiña de pedra, porén, os autobuses que cobren a ruta que por alí pasa camiño do CEP Xosé María Brea Segade non paran alí dende fai aproximadamente 15 anos. Isto débese ao feito de que daquela, debido á falta de alumnado na aldea, deuse de baixa a dita parada – coordenadas UTM (ETRS89) da parada X: 513745 Y: 4725847 -.

Na actualidade, e para a ledicia de todos, dende a aldea parten todos os días dous rapaces e unha rapaza camiño do dito centro. Debido a que a parada segue dada de baixa, téñense que desprazar a coller o autobús ao núcleo de Paradela, situado a algo máis de 700 metros de onde está emprazada a marquesiña anteriormente aludida.

Ténselle solicitado á Consellería de Mobilidade a reactivación da parada para darlle servizo ao alumnado da aldea, así como ás súas familias, mais esta fai oídos xordos ou responde con argumentos de todo peregrinos

Nos tempos que corren, e cando en moitos lugares se promove a mobilidade a pe ao centros escolares – como o programa “Colecamiños” – a negativa da Consellería de Mobilidade implica que os pais, nais, familiares ou persoas que se fan cargo da atención do alumnado, se teñan que desprazar en coche ata a parada máis próxima cando a o lugar no que se solicita que se reactive a parada outrora existente está a escasos 20 metros das súas vivendas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a que atenda a solicitude das familias de Fonte Susán (Taragoña) e reactive a parada existente na aldea como unha máis das rutas de transporte escolar do CEP Xosé María Brea Segade.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do grupo BNG propón unha emenda no acordo co seguinte contido (instar a Consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e **a Xefatura Territorial de Educación** da Xunta de Galicia ....)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda sinalada, quedando o acordo nos seguintes termos:

1. Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Xefatura Territorial de Educación da Xunta de Galicia a que atenda a solicitude das familias de Fonte Susán (Taragoña) e reactive a parada existente na aldea como unha máis das rutas de transporte escolar do CEP Xosé María Brea Segade.

## **11 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, obtendo 2 votos a favor (dos 2 membros do grupo Rianxo en Común) e 8 votos en contra (5 dos membros do grupo BNG e 3 dos membros do grupo PSOE), cero abstencións dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **REXEITADA**

## **12 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á LOGRAR UN CONCELLO RENOVABLE E ENERXÉTICAMENTE EFICIENTE**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á LOGRAR UN CONCELLO RENOVABLE E ENERXÉTICAMENTE EFICIENTE sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, obtendo 2 votos a favor (dos 2 membros do grupo Rianxo en Común) e 8 votos en contra (5 dos membros do grupo BNG e 3 dos membros do grupo PSOE), cero abstencións dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **REXEITADA**

Ausentase da sesión a concelleira Hadriana Ordoñez Otero

## **13 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA RÍA DE AROUSA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA RÍA DE AROUSA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa

na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as confrarías e asociación de produtores que dende fai anos veñen reclamando un maior apoio, atención e coidado por parte da Xunta de Galicia en relación á preservación dos recursos da nosa ría.

En concreto, nun dos aspectos no que máis se ten incidido e na necesidade de dedicar recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar e vixiar as condicións ambientais, os vertidos, a calidade da depuración das EDAR e a calidade das augas dos ríos que alimentan a Ría de Arousa.

Dela viven milleiros de familiar e a súa actividade produtiva primaria é un motor socio-económico para todo o tecido produtivo de Galicia, e nomeadamente para o do noso municipio e comarca.

Os datos de produción dos últimos 20 anos de diversos recursos de bivalvos – datos extraídos de pesca de Galicia – amosan un forte devalo produtivo e prodúcenos unha fonda preocupación:

- Ameixa fina, cunha produción media de 342 Tn/ano no período 2002-2021, na actualidade só se produce o 43% da media (147 Tn) e dende o ano 2013 a súa presenza na ría non fai máis que descender.
- Ameixa babosa, cunha produción media de 575 Tn/ano no período 2002-2021, no último ano produciuse o 32% da media (185 Tn) e desde o ano 2015 a súa presenza na ría non fixo máis que diminuír.
- Ameixa rubia, cunha produción media de 300 Tn/ano no período 2002-2021, na actualidade prodúcese o 53% da media (160 Tn) e dende o ano 2008 a súa presenza na ría descendeu de maneira significativa.
- Berberecho, cunha produción media de 724 Tn/ano no período 2002-2021, no último ano produciuse o 22,8% da media (165 Tn) e dende o 2008 a súa presenza na ría pasou a ser mínima.

A esta situación haille que sumar os danos producidos de maneira periódica polos incendios forestais que afectan á nosa zona, particularmente na época de estío, e que acaban provocando que moitos metros cúbicos de terra e cinzas acaben nas praias matando os bivalvos. Ademais, os

eventos de intensas choivas, como a rexistrada recentemente, causan un importante descenso da taxa de salinidade cuxa consecuencia directa é a morte do marisco existente. Este tipo de situacións puntuais, que non só comprometen toda unha tempada senón que fan que toda a inversión previa efectuada se perda, ven a agravar a xa preocupante situación exposta antes.

En outras ocasións témonos referido tamén a que estas situacións puntuais se ven moi agravadas por construcións existentes na costa, como os espigóns, que alteran as correntes e impiden que estas axuden a solventalas.

Se ademais temos presente o actual contexto de inflación e o prezo que o carburante ven rexistrando nos últimos meses, vemos como o futuro dos nosos mariñeiros e mariñeiras, e por extensión o de todo o sector do mar, está cada día máis comprometido.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a que poña os recursos humanos e económicos necesarios para investigar os vertidos, a calidade da depuración das EDAR e as condicións dos ríos que desembocan na ría de Arousa.
2. Instar á Xunta de Galicia e elaborar e implementar unha estratexia de rexeneración da Ría de Arousa coa finalidade de reverter as afeccións que se veñen rexistrando nos últimos anos.
3. Instar á Xunta de Galicia a estudar unha alternativa para os actuais espigóns emprazados nas praias rianxeiras, a efectos de permitir a normal circulación das correntes, e a facer extensiva este estudo ao espigón de Neixón, cuxos terreos adxacentes son explotados pola Confraría de Pescadores de Rianxo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **14 MOCIÓNS RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á CREACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AC-305**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓNS RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á CREACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AC-305 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo

ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 9 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, titular da estrada, está executando sendas a actuacións na AC-305 ao seu paso polo noso municipio, e entre os PK 9+960 e 10+760 e entre os PK 12+510 e 13+020, consistentes na mellora da seguridade vial a través da construción de sendas para o tránsito peonil.

As actuacións que se están levando a cabo son tan necesarias como foron reclamadas – máis de 15 anos leva a Asociación de Veciños do Araño demandando a creación de beirarrúas na AC-305 para o tránsito peonil seguro – porén, pensamos que cabe realizar un esforzo un chisco maior coa finalidade de completar as actuacións.

E é que unha vez que se finalicen ficarán apenas 700 metros entre o núcleo da Casilla (Araño) e o de Outeiro (Taragoña) xa non sen beirarrúas, senón sen unha beiravía o suficientemente ancha como para facilitar o tránsito seguro de peóns. Trátase dunha zona especialmente sensible dado que entre ámbolos dous núcleos está situado o complexo deportivo da Lomba, no cal non só xogan os equipos de fútbol das dúas parroquias, senón que a el se despraza rapazada dun e doutro lado para facer uso das instalacións alí existentes (skatepark).

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar Xunta de Galicia, titular da estrada AC-305, a darlle continuidade ás actuacións emprendidas coa construción de beirarrúas entre o núcleo da Casilla (Araño) e o núcleo do Outeiro (Taragoña).

Incorpórase Hadriana e ábrese unha quenda de debate e sométese a votación

O voceiro do grupo municipal BNG propón unha emenda co seguinte contido introducir apartado 2: Instar a Xunta de Galicia acometer proxecto mellora no tramo AC 305 pla zoa de Campo de Pasos garantindo a seguridade vial .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda sinalada no debate, quedando o acordo nos seguintes termos:

1. Instar Xunta de Galicia, titular da estrada AC-305, a darlle continuidade ás actuacións emprendidas coa construción de beirarrúas entre o núcleo da Casilla (Araño) e o núcleo do Outeiro (Taragoña).

2. Instar a Xunta de Galicia acometer proxecto mellora no tramo AC 305 pola zoa de Campo de Pasos garantindo a seguridade vial

## **15 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á DEMANDA DUN/HA SEGUNDO/A PEDIATRA PARA RIANXO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á DEMANDA DUN/HA SEGUNDO/A PEDIATRA PARA RIANXO sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende que no 2019 se eliminara o escaso reforzo que tiña o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Rianxo a situación foise tensionando cada vez máis ata chegar á situación actual na cal, a única facultativa do servizo ter que soportar unhas axendas insostibles, de máis do dobre de pacientes diarios do que recomentan todas as asociacións de profesionais sanitarios.

Nestas condicións, e con tempo escaso para avaliar a cada un dos pacientes, nenos e nenas neste caso co que iso implica, dificilmente se pode ofrecer unha atención sanitaria de calidade e mesmo poden pasar desapercibidas afeccións que, de outro xeito, se poderían detectar.

Dado que unicamente o Servizo de Pediatría unicamente conta cunha facultativa, cando esta se ten que ausentar, polos motivos que sexa, comeza o encaixe de palillos para atender esa cargada axenda - xeralmente cargando outras - ou mesmo, como xa ten pasado, se deriva aos pacientes a outros centros de municipios próximos sobrecargando tamén aqueles.

Todo isto permítieno e promóvenos os mesmos que din que estas queixas non responden á unha situación real, que somos xente manipulada por non sei quen e que nos gusta manifestarnos por pasar o rato. Permiten e promoven isto os mesmos que din promover a natalidade e os mesmos que dan unha axuda de 100€ ao mes por cada nacemento. Para que son eses 100€, para ter que pagar as consultas dun pediatra privado?

A Xerente do SERGAS, a Señora Estrella López Pardo, dixo non fai moito: "la población tiene que entender que no puede haber un pediatra en cada centro de salud". Nós non estamos dispostos a entender e ímoslle facer fronte a cada un dos recortes que nos queiran impoñer, a cada paso

que queiran dar camiño da privatización da sanidade. Así llo vimos dicindo co concentracións periódicas diante do Centro de Saúde e así llo dixemos tamén, canda miles de galegos e galegas de todos os recunchos do país o pasado día 12 de febreiro.

Queremos un/ha segundo/a facultativo para o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Rianxo, como llo deixamos claro fai uns días, e a tempo completo, está en xogo a saúde dos nosos rapaces e rapazas, dos nosos meniños e meniñas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao SERGAS a dotar o Centro de Saúde de Rianxo dun/ha segundo/a pediatra a tempo completo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **16 MOCIÓN DO BNG: RETIRADA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO BNG: RETIRADA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO. sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maior ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de



hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentablemente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción do seguinte**

**ACORDO:**

1. Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.

E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólicamariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña

4. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**17 PROPOSTA INSTITUCIONAL PARA APOIAR A PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN PARA APOIAR A PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN. sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura a proposta presentada

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

***“PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO  
TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN***

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de

catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / férridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan 'pobo').

O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente”. Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: “Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga”. Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

A este fin responde esta Proposición de Lei.

Proposición de Lei:

Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.

Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:

Que din os rumorosos,  
na costa verdecente,

ó raio transparente  
do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
de escuro arume harpado  
co seu ben compasado,  
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros  
e valeroso clan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono,  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son;  
mas sós os ignorantes  
e férridos e duros,  
imbéciles e escuros,  
non os entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades,  
que as vosas vaguedades

cumprido fin terán;  
pois donde quer, xigante,  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán».

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 10 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **PARTE DE CONTROL**

### **18 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2023 ata o 28/02/2023, que comprenden os números 94/2023 ao 190/2023, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

### **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e

que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 3 da Sesión ordinaria do día 02/02/2023
- Acta n° 4 da Sesión ordinaria do día 16/02/2023

## **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

### **19 DACIÓN DE CONA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2024-26 (POMP 2024-26)**

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2023/X998/000058

Dáselle conta ao Pleno da Resolución núm. 227, do 14/03/2023, pola que se aprobou o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2024-26:

---

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Actualmente, a situación é de prórroga orzamentaria, polo que partírase das previsións iniciais do orzamento prorrogado, salvo no tocante aos gastos derivados da débeda, que se estiman a partir dos datos actuais de capital vivo e dos importes actualizados das amortizacións ordinarias.

O contexto actual que afecta a economía a medio prazo caracterízase, fundamentalmente, por unha inflación máis elevada do desexable, de incremento dos tipos de xuro para a súa contención e de medidas expansivas por parte da Unión Europea para a modernización das infraestruturas, sobre todo tecnolóxicas. A partir do ano 2024 deixará de operar a suspensión das regras fiscais, volvendo ao modelo anterior de estabilidade orzamentaria. Desde o punto de vista político, neste exercicio 2023 as Corporacións Locais renovaranse, polo que non é posible establecer unha proxección de medias, xa que este goberno municipal cesará.

Debido ás eleccións municipais do próximo mes de maio, o plan orzamentario a medio prazo será basicamente igual ao do ano anterior, con varios matices que se indicarán nos apartados

correspondentes. En calquera caso, das previsións realizadas extráese unha capacidade de financiamento en todo o período.

## 1. INGRESOS

Ante a situación descrita, considérase necesario considerar un escenario prudente na estimación dos ingresos, polo que non se prevén cambios substanciais.

### 1.1 Tributos

Os tributos que experimentan un incremento son os seguintes:

- ✓ O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), facéndoo por unha porcentaxe moi discreta (1 por cento). O motivo é a aplicación dun principio de prudencia.
- ✓ Os ingresos do capítulo 3, relativo a taxas, prezos públicos e outros. O motivo é que, como consecuencia das contratacións de importes elevados que se realizarán ao abeiro das subvencións europeas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, incrementárase a actividade gravada con taxas. As porcentaxes de incremento de 2025 e 2026 son do 4 por cento, fronte a un 1 por cento en 2024.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.819.676,15	-0,19%	2.814.452,10	0,20%	2.820.087,90	0,20%	2.825.780,06
Ibi	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47
Iae	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63
Ivtm	558.000,00	1,00%	563.580,00	1,00%	569.215,80	1,00%	574.907,96
Ivtnu	60.000,00	-75,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00
Ício	65.804,05	51,97%	100.000,00	0,00%	100.000,00	0,00%	100.000,00
Cesión impostos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos anter.					0,00		
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.470.013,00	1,00%	1.484.713,13	4,00%	1.544.101,66	4,00%	1.605.865,72

### 1.2 Transferencias e subvencións correntes

O único incremento previsto foi o da Participación nos Tributos do Estado (PTE), dun 0,5 por cento en 2024 e 1,5 por cento, nos seguintes.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Cap 4.	3.763.691,21	0,35%	3.776.958,35	1,06%	3.816.958,77	1,06%	3.857.559,19



A) Detalle de ingresos correntes	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Transferencias crr							
PTE	2.653.427,41	0,50%	2.666.694,55	1,50%	2.706.694,97	1,50%	2.747.295,39
Resto cap 4	1.110.263,80	0,00%	1.110.263,80	0,00%	1.110.263,80	0,00%	1.110.263,80

### 1.3 Transferencias de capital

Seguiuse un criterio análogo ao das subvencións correntes. O único incremento que se rexistrou foi o da concesión para a rehabilitación do Pazo do Martelo por 978.710 €. Imputouse no exercicio 2024 para unha mellor comprensión dos seus efectos orzamentarios globais, pois prevese que a execución do investimento será nese ano.

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	400.000,00	244,68%	1.378.710,00	-70,99%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Total de ingresos de capital	<b>400.000,00</b>	<b>244,68%</b>	<b>1.378.710,00</b>	<b>-70,99%</b>	<b>400.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>400.000,00</b>

### 1.4 Ingresos financeiros

O novo endebedamento previsto ten o seguinte detalle:

- 1 Ano 2023: préstamo provincial solicitado no POS 2023 por 5.200 €
- 2 Ano 2024: préstamo estimado para o financiamento dos investimentos non subvencionados da rehabilitación do Pazo do Martelo, incluíndo gastos técnicos asociados. A previsión é de 1.021.290 €.

A) Detalle de ingresos financeiros	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	5.200,00		1.021.290,00		0,00		0,00
Total de ingresos financeiros	<b>15.200,00</b>	<b>6684,80%</b>	<b>1.031.290,00</b>	<b>-99,03%</b>	<b>10.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>10.000,00</b>

## 1.6 Resumo

Ingresos	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
<b>Ingresos corrientes</b>	<b>8.053.380,36</b>	<b>0,28%</b>	<b>8.076.123,58</b>	<b>1,30%</b>	<b>8.181.148,32</b>	<b>1,32%</b>	<b>8.289.204,97</b>
Derivados de evolución tendencial	8.053.380,36	0,28%	8.076.123,58	1,30%	8.181.148,32	1,32%	8.289.204,97
<b>Derivados de modificaciones de políticas</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>0,00</b>
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias							
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados							
Medida 3: Correcta financiación de taxas y precios públicos							
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos							
<b>Ingresos de capital</b>	<b>400.000,00</b>	<b>244,68%</b>	<b>1.378.710,00</b>	<b>-70,99%</b>	<b>400.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>400.000,00</b>
Derivados de evolución tendencial	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de modificaciones de políticas			978.710,00				
<b>Ingresos no financieros</b>	<b>8.453.380,36</b>	<b>11,85%</b>	<b>9.454.833,58</b>	<b>-9,24%</b>	<b>8.581.148,32</b>	<b>1,26%</b>	<b>8.689.204,97</b>
Derivados de evolución tendencial	8.453.380,36	0,27%	8.476.123,58	1,24%	8.581.148,32	1,26%	8.689.204,97
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	0,00%	978.710,00	-100,00%	0,00	0,00%	0,00
<b>Ingresos financieros</b>	<b>15.200,00</b>	<b>6684,80%</b>	<b>1.031.290,00</b>	<b>-99,03%</b>	<b>10.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>10.000,00</b>
Derivados de evolución tendencial	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00

Ingresos	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Derivados de modificaciones de políticas	5.200,00		1.021.290,00				
<b>Ingresos totales</b>	<b>8.468.580,36</b>	<b>23,82%</b>	<b>10.486.123,58</b>	<b>-18,07%</b>	<b>8.591.148,32</b>	<b>1,26%</b>	<b>8.699.204,97</b>
Derivados de evolución tendencial	8.463.380,36	0,27%	8.486.123,58	1,24%	8.591.148,32	1,26%	8.699.204,97
Derivados de modificaciones de políticas	5.200,00	38361,54%	2.000.000,00	-100,00%	0,00	0,00%	0,00

## 2. GASTOS

En canto á evolución dos gastos, seguíronse os seguintes criterios:

- Consideración de incremento da masa salarial.
- A pesar da inflación, considérase imprescindible para o equilibrio orzamentario conter o gasto. Por iso, en 2024 non se prevé incrementos e en 2025 e 2026, estímase nun 1 por cento.
- A amortización de préstamos correspóndese coas operacións formalizadas e a solicitada no POS 2023, xa que desta coñécense as condicións. Non se prevé a amortización da operación que se formalice para a rehabilitación do Pazo de Martelo, tendo en conta que será preciso establecer un período de carencia.
- Estableceuse en 150.000 € o esforzo investidor municipal (investimentos reais - transferencias de capital), co fin de manter o equilibrio orzamentario.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Capítulo 1. Gastos de personal	3.228.300,00	3,00%	3.325.149,00	3,00%	3.424.903,47	3,00%	3.527.650,57
Capítulo 2. Gastos correntes en bienes y servicios	4.118.823,00	0,00%	4.118.823,00	1,00%	4.160.011,23	1,00%	4.201.611,34
Capítulo 3. Gastos financieros	18.000,00	0,00%	18.000,00	0,00%	18.000,00	0,00%	18.000,00
Capítulo 4. Transferencias corrientes	265.029,00	0,00%	265.029,00	0,00%	265.029,00	0,00%	265.029,00
<b>Total de gastos correntes</b>	<b>7.630.152,00</b>	<b>1,27%</b>	<b>7.727.001,00</b>	<b>1,82%</b>	<b>7.867.943,70</b>	<b>1,83%</b>	<b>8.012.290,92</b>

A) Detalle de gastos de capital	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Capítulo 6. Inversiones reales	550.000,00	363,64%	2.550.000,00	-78,43%	550.000,00	0,00%	550.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00		0,00
<b>Total de gastos de capital</b>	<b>550.000,00</b>	<b>363,64%</b>	<b>2.550.000,00</b>	<b>-78,43%</b>	<b>550.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>550.000,00</b>

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Capítulo 8. Gastos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Gastos por pasivos financeiros	169.143,04	66,05%	280.862,47	9,65%	307.957,51	0,00%	307.957,51
<b>Total de gastos financeiros</b>	<b>179.143,04</b>	<b>62,36%</b>	<b>290.862,47</b>	<b>9,32%</b>	<b>317.957,51</b>	<b>0,00%</b>	<b>317.957,51</b>

A amortización prevista é a seguinte:

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Ingreso	Capital pendente 31/12/2022	Amortización ordinaria 2023	Amortización extraordinaria	Amortización total	Capital pendente 31/12/2023	Xuros
PAI 2015	Deputación Provincial	2025-34	0,00	204.423,20	0,00		0,00	204.423,20	
PAI 2016	Deputación Provincial	2024-33	0,00	222.852,95	0,00		0,00	222.852,95	
POS 2017	Deputación Provincial	2025-34	0,00	184.769,03	0,00		0,00	184.769,03	
POS 2018	Deputación Provincial	2024-33	0,00	235.184,48	0,00		0,00	235.184,48	
POS 2019	Deputación Provincial	2025-34	0,00	187.077,56	0,00		0,00	187.077,56	
POS 2020	Deputación Provincial	2024-33	0,00	205.817,02	0,00		0,00	205.817,02	
POS 2021	Deputación Provincial	2025-34	0,00	56.574,89	0,00		0,00	56.574,89	
POS 2023	Deputación Provincial	2025-34	5.200,00	0,00	0,00		0,00	5.200,00	
Préstamo para a adquisición do Pazo de Rianxiño	Banco Sabadell	30/06/2021-31/03/2029	0,00	1.111.047,21	177.767,60		177.767,60	933.279,61	6.000,00

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Ingreso	Capital pendente 31/12/2022	Amortización ordinaria 2023	Amortización extraordinaria	Amortización total	Capital pendente 31/12/2023	Xuros
Préstamo para a actuación de Renovación de luminarias (LED)	Banco Sabadell	05/09/2021-30/06/2025	0,00	109.122,33	39.680,83	5.200,00	44.880,83	64.241,50	1.000,00
<b>Total</b>			<b>5.200,00</b>	<b>2.516.868,67</b>	<b>217.448,43</b>	<b>5.200,00</b>	<b>222.648,43</b>	<b>2.299.420,24</b>	<b>7.000,00</b>

Préstamo	Entidade	Amortización ordinaria+extraordinaria 2024	Amortización ordinaria+extraordinaria 2025	Amortización ordinaria+extraordinaria 2026
PAI 2015	Deputación Provincial		20.442,32	20.442,32
PAI 2016	Deputación Provincial	22.285,30	22.285,30	22.285,30
POS 2017	Deputación Provincial		18.476,90	18.476,90
POS 2018	Deputación Provincial	23.518,45	23.518,45	23.518,45
POS 2019	Deputación Provincial		18.707,76	18.707,76
POS 2020	Deputación Provincial	20.581,70	20.581,70	20.581,70
POS 2021	Deputación Provincial		5.657,49	5.657,49
POS 2023	Deputación Provincial		520,00	520,00
Préstamo para a adquisición do Pazo de Rianxiño	Banco Sabadell	177.767,60	177.767,60	177.767,60
Préstamo para a actuación de Renovación de luminarias (LED)	Banco Sabadell	36.709,43	27.532,07	
<b>Total</b>		<b>280.862,47</b>	<b>335.489,58</b>	<b>307.957,51</b>

## Resumo

Gastos	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
<b>Gastos corr</b>	<b>7.630.152,00</b>	<b>1,27%</b>	<b>7.727.001,00</b>	<b>1,82%</b>	<b>7.867.943,70</b>	<b>1,83%</b>	<b>8.012.290,92</b>
Derivados de evolución tendencial	7.630.152,00	1,27%	7.727.001,00	1,82%	7.867.943,70	1,83%	8.012.290,92
<b>Derivados de modificaciones</b>	<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>

Gastos	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
<b>políticas</b>							
Medida 1: Reducción de costes de personal							
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib							
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							
Medida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de cttos menores							
Medida 11: Reducción de cargas admtvas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras							
<b>Gastos de capital</b>	<b>550.000,00</b>	<b>363,64%</b>	<b>2.550.000,00</b>	<b>-78,43%</b>	<b>550.000,00</b>	<b>0,00%</b>	<b>550.000,00</b>
Derivados de evolución tendencial	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00

Gastos	Año 2023 (€)	% taxa variación 2023/24	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)
Derivados de modificaciones políticas			2.000.000,00				
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras			2.000.000,00				
<b>Gastos no financieros</b>	<b>8.180.152,00</b>	<b>25,63%</b>	<b>10.277.001,00</b>	<b>-18,09%</b>	<b>8.417.943,70</b>	<b>1,71%</b>	<b>8.562.290,92</b>
Derivados de la evolución tendencial	8.180.152,00	1,18%	8.277.001,00	1,70%	8.417.943,70	1,71%	8.562.290,92
Derivados de modificaciones políticas	0,00		2.000.000,00		0,00		0,00
<b>Gastos financieros</b>	<b>179.143,04</b>	<b>62,36%</b>	<b>290.862,47</b>	<b>9,32%</b>	<b>317.957,51</b>	<b>0,00%</b>	<b>317.957,51</b>
Derivados de evolución tendencial	173.943,04	67,22%	290.862,47	9,32%	317.957,51	0,00%	317.957,51
Derivados de modificaciones políticas	5.200,00						
<b>Gstos totales</b>	<b>8.359.295,04</b>	<b>26,42%</b>	<b>10.567.863,47</b>	<b>-17,34%</b>	<b>8.735.901,21</b>	<b>1,65%</b>	<b>8.880.248,43</b>
Derivados de evolución tendencial	8.354.095,04	2,56%	8.567.863,47	1,96%	8.735.901,21	1,65%	8.880.248,43
Derivados de modificaciones políticas	5.200,00		2.000.000,00		0,00		0,00

### 3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2023-26 son:

Concepto	Importe	Débeda viva/ingresos correntes
Débeda viva 31/12/2023	2.299.420,24	0,29
Débeda viva 31/12/2024	3.039.847,77	0,38
Débeda viva 31/12/2025	2.704.358,18	0,33
Débeda viva 31/12/2026	2.396.400,67	0,29

Os axustes SEC cuantificáronse en -100.000 € en todos os exercicios do período, seguindo un criterio de prudencia.

De todo o anterior, resulta que o concello cumpriría en todos os exercicios o obxectivo de

estabilidade orzamentaria:

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2022	273.228,36	-100.000,00	173.228,36
2023	-822.167,42	-100.000,00	-922.167,42
2024	163.204,63	-100.000,00	63.204,63
2025	126.914,06	-100.000,00	26.914,06

No 2024 rexístrase un resultado de necesidade de financiamento, o que é comprensible debido ao endebedamento ao que hai que acudir para financiar a achega municipal da rehabilitación do Pazo de Martelo. No resto de exercicios o resultado é de capacidade de financiamento.

#### **4. PASIVOS CONTINXENTES**

Estímanse en 250.000 €, en concepto da compensación reclamada pola concesionaria dos servizos de saneamento e abastecemento de auga para o re-equilibrio económico-financeiro.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

##### **PRIMEIRO**

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2024-26. cos datos indicados nos antecedentes.

##### **SEGUNDO**

Remitirle ao Ministerio de Facenda e por parte da Intervención Municipal a dita información a través da aplicación de captura da Oficina Virtual coas Entidades Locais.

##### **TERCEIRO**

Darlle conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

#### **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

#### **20 ROGOS E PREGUNTAS**

#### **DELIBERACIÓNS**

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente



electrónico con número 2023/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**c278e45f4d4ccae5f9cd08347590471d9e1334ff747ef9e17ccd08bf30101c24**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=yZJb7tkMMOo>**